

Drogas e perspectiva de xénero. Documento marco

Plan de atención integral á saúde da muller de Galicia

xénero e drogas

Edición bilingüe galego - castelán

xénero e drogas

AUTOR

Sánchez Pardo, Lorenzo

GRUPO DE TRABAJO

Bermejo González, Pilar

Cid González, Aurora

Fernández Lamparte, Mónica

Morán Iglesias, Jesús

Platas Ferreiro, Lydia

Diseño e realización:


Krissola diseño, S.L.

D.L.:

1. Introducción	4
2. Drogas e perspectiva de xénero: o xénero si importa	8
¿Que é o xénero?	9
Xénero e saúde	10
Xénero e drogas	12
3. Os distintos significados dos consumos de drogas para homes e mulleres	16
4. Consumo de drogas e xénero	20
Consumo das distintas drogas segundo o xénero	21
Singularidades dos consumos en función do xénero	25
5. As drogas e as consecuencias do consumo habitual ou abusivo	34
Impacto das drogas sobre a saúde	35
Impacto das drogas na vida familiar e social	40
6. Impacto diferencial das drogas en homes e mulleres	42
7. Efectos das drogas na saúde sexual e reprodutiva	50
Drogas e fertilidade	51
Drogas e embarazo	53
Maternidade e adición ás drogas	60
8. Drogas e sexualidade	62
Impacto dos consumos de drogas na actividade sexual	63
Condutas de risco vinculadas á actividade sexual	66
Drogas e prostitución	68
9. Motivacións e factores asociados ao consumo de drogas	70
Factores asociados ao consumo de drogas entre as mulleres	71
Motivacións específicas das mulleres para o consumo das distintas drogas	76
10. Publicidade e drogas	80
11. Drogas e violencia de xénero	84
12. Necesidades específicas de tratamento das mulleres drogodependentes	90
13. Barreiras para o tratamento das mulleres drogodependentes	94
14. Respostas aos problemas relacionados coas drogas cunha perspectiva de xénero	98
15. Bibliografía	102
Anexo: glosario sobre o xénero	106

1

Introducción



O xénero condiciona de xeito importante a saúde de homes e mulleres e a súa relación coas drogas. A pesar diso, a perspectiva de xénero non foi incorporada ás investigacións epidemiolóxicas realizadas no noso país e, consecuentemente, ás políticas que se veñen aplicando nos ámbitos da prevención e asistencia das drogodependencias.

O modelo tradicional de roles feminino e masculino, que vinculaba as mulleres co ámbito familiar e as tarefas domésticas (incluíndo a crianza dos fillos e o coidado das persoas dependentes) e os homes coa vida pública e o traballo produtivo, segue aínda distorsionando o coñecemento e a análise da realidade dos consumos de drogas e das drogodependencias. O resultado de todo iso é que se seguen interpretando estes comportamentos en clave masculina, considerando que as mulleres manteñen un patrón de conduta similar ao dos homes.

Este nesgo ten un importante impacto sobre os contidos actuais dos programas preventivos e asistenciais en materia de drogodependencias, que se enfrontan ás súas respectivas poboacións destinatarias como se fosen un todo monolítico que comparte idénticas características, motivacións e problemas: os dominantes entre os homes.

Así pois, non resulta estraño comprobar como, a pesar dos progresos logrados no coñecemento da epidemioloxía das drogas, na acumulación de evidencias científicas en torno á efectividade dos programas de prevención das drogodependencias e das melloras nas respostas terapéuticas ás adiccións, se sabe moi pouco sobre a situación diferencial en homes e mulleres. A ausencia da perspectiva de xénero provoca que o nivel de coñecemento actual sobre algunhas dimensións que se mencionan seguidamente, por outra parte claves para o éxito das estratexias preventivas e asistenciais, sexa moi limitado:

- O impacto que a coexistencia dos modelos tradicional e contemporáneo de roles feminino e masculino ten nos hábitos de consumo de homes e mulleres.

- Os factores asociados ou motivacións que levan homes e mulleres a iniciarse no consumo de drogas, a manter eses consumos e a desenvolver trastornos adictivos.
- Os mecanismos que explican a distinta vulnerabilidade de homes e mulleres aos efectos das drogas.
- Os efectos ou consecuencias que o uso e/ou abuso de drogas teñen en homes e mulleres, máis alá dos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva.
- As dificultades que a superación das adiccións presenta especificamente nos homes e nas mulleres.
- Os factores que determinan a efectividade das estratexias preventivas e asistenciais con homes e mulleres (o distinto nivel de éxito das citadas estratexias no caso dos homes e das mulleres).

O obxectivo deste documento marco é dobre:

- **Sistematizar toda a información** relevante de que se dispón na actualidade relacionada coas drogas e a perspectiva de xénero.
- **Persuadir os profesionais** que traballan no campo da prevención e a asistencia ás drogodependencias da necesidade de incorporar a perspectiva de xénero ao deseño das súas estratexias de intervención e ás actividades que desenvolven no seu día a día.



2

Drogas e perspectiva de xénero:
o xénero si importa



¿Que é o **xénero**?

O xénero agrupa todos os aspectos psicolóxicos, sociais e culturais da femiñidade e da masculinidade (aqueles que lle son asignados de xeito diferencial a cada sexo pola cultura) e que son interiorizados por cada persoa. Unhas características que transcenden as diferenzas entre os sexos, centradas exclusivamente en aspectos biolóxicos.

A identidade de xénero, o que consideramos como propio ou característico do feminino ou do masculino, non é algo natural, senón unha construción cultural que se modifica co paso do tempo, que condiciona de xeito importante os comportamentos, as actitudes e percepcións das persoas e que establece diferenzas no poder e na autoridade de homes e mulleres. Nacer home ou muller implica vivir en contextos culturais con posicións e recursos desiguais, así como con distintos valores, crenzas e actitudes.

A división de xénero imperante en cada sociedade asígnalles a homes e mulleres roles ou papeis sociais diferentes e determina un conxunto de pautas de comportamento obrigadas, permitidas ou prohibidas, ás cales debe axustarse cada un destes grupos. Estas pautas de comportamento son transmitidas e reproducidas a través de distintos espazos de socialización, fundamentalmente a familia, a escola e os medios de comunicación social.

Aínda que a división dos roles feminino e masculino varía entre sociedades e en distintos momentos históricos, existe un modelo hexemónico (tradicional) de división de xénero do traballo. Un modelo que lles asigna aos homes a responsabilidade no traballo produtivo, relacionado co social e externo á familia, e ás mulleres a crianza dos fillos e o coidado do fogar (o ámbito privado) e que inclúe unha serie de atributos ou características diferentes para homes e mulleres:

- **As mulleres** son afectivas, maternais, intuitivas, submisas, dependentes, persoas que se preocupan dos demais.
- **Os homes** son racionais, dominantes, fortes e independentes.

Esta división de roles implica que os homes gocen de máis poder e recoñecemento social, mentres que as mulleres quedan relegadas ao ámbito do privado, á invisibilidade e á falta de proxección social. Pero supón tamén a existencia de desigualdades en relación coa saúde.



Xénero e **saúde**

A perspectiva de xénero axuda a comprender un dos grandes paradoxos existentes en relación coa saúde, como é o feito de que as mulleres viven máis, pero o seu estado de saúde é peor que o dos homes. Mentres que o peor estado de saúde das mulleres se relaciona en boa medida cunha posición social máis desfavorecida, a menor esperanza de vida dos homes asóciase con hábitos máis insáns e condutas de risco que conducen a máis mortes por accidentes e outras causas na idade media da vida (VERBRUGGE, L. M. 1989).

Diversos estudos documentaron que as mulleres empregadas fóra do fogar teñen un mellor estado de saúde que as que traballan a tempo completo como amas de casa, situación que se explica polos beneficios que proporciona o emprego fóra da casa, entre eles as oportunidades que brinda para desenvolver a autoestima e a confianza persoal, o contacto e apoio social para persoas que doutra forma estarían illadas e as experiencias que aumentan a satisfacción persoal. Ademais, o salario dálles ás mulleres independencia económica e incrementa o seu poder na familia. Estas circunstancias apoian a hipótese de «potenciación de rol», segundo a cal os diferentes roles poden actuar como fontes alternativas de benestar (ARTAZCOZ, L. e BORRELL, C. 2007).

As desigualdades de xénero á hora de compaxinar a vida laboral e familiar teñen, non obstante, un impacto claro sobre a saúde. Varios estudos avalan a hipótese da sobrecarga e o conflito de roles como condicionantes da saúde. Está documentado que o emprego ten efectos beneficiosos sobre a saúde das mulleres solteiras, pero non sobre a das casadas (WALDRON, I. WEISS, C. C. e HUGHES, M. E. 1998) ou que entre as nais estes beneficios se limitan ás que traballan a tempo parcial, o que parece confirmar que, cando a carga de traballo total é alta, compaxinar a vida laboral e a familiar pode danar a saúde.

Pero ademais, o xénero, as atribucións que se realizan dos roles feminino e masculino, condiciona moitas das condutas relacionadas coa saúde. É coñecido que as mulleres se preocupan máis e aplican máis autocoidados á súa saúde que os homes. Do mesmo modo, se se analizan algunhas das principais causas de morte nas sociedades desenvolvidas (comportamentos que conducen a lesións por accidentes, violencia, consumo de tabaco, de alcohol e drogas ilegais,

etc.), é posible comprobar a presenza de diferenzas de xénero nestas condutas relacionadas coa saúde.

Un bo exemplo do impacto do xénero na saúde son as implicacións negativas que o modelo tradicional de masculinidade ten sobre a saúde dos homes (ARTAZCOZ, L. e BORRELL, C. 2007). Aínda que a masculinidade pode parecer un factor promotor da saúde, que ofrece un maior acceso a un amplo abano de recursos, o certo é que a identidade masculina implica asumir riscos para a saúde, un condicionante do comportamento especialmente perceptible entre os adolescentes. Así mesmo, a socialización no estereotipo de masculinidade significa resistencia a admitir debilidades, o que adoita asociarse cunha escasa atención ás mensaxes de promoción da saúde e cun menor uso dos servizos sanitarios cando estes son necesarios (CAMERON, C. e BERNARDES, D. 1998).

Convén destacar o feito de que o modelo tradicional de socialización diferencia de homes e mulleres coexiste cun novo modelo contemporáneo de identidades e roles feminino e masculino. Esta converxencia ou coexistencia temporal de modelos de socialización de xénero provoca que entren en conflito os ideais de feminidade e masculinidade e a posta en práctica destas identidades, o que incrementa a vulnerabilidade (VELASCO, S. 2006).

Un exemplo claro das repercusións que este conflito de roles ten na saúde podemos atopalo na modificación do comportamento de moitas mulleres que, para procurar axustarse á moderna definición do rol feminino, asumen condutas de risco (tales como consumir tabaco, alcohol ou outras drogas) que ata non hai moito tempo eran características do rol masculino.

Pero a superación do modelo tradicional de socialización facilita tamén a introdución de cambios que favorecen a protección da saúde. No caso das mulleres, conseguindo autonomía, independencia, creando redes de apoio social, participando en diferentes espazos da vida pública, compartindo cos homes as tarefas do fogar e non apoiando todo o seu proxecto vital no coidado e o servizo dos demais (MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO, 2007).



Xénero e drogas

Malia o papel que o xénero ten como condicionante da saúde, con frecuencia a investigación epidemiolóxica non tivo en conta a perspectiva de xénero, como tampouco está presente na maioría das iniciativas que se levan a cabo no campo da promoción da saúde. Loxicamente, tamén no ámbito das drogodependencias está ausente esta perspectiva.

Un erro moi frecuente á hora de facer fronte aos riscos e problemas que entraña o consumo de drogas consiste en considerar a poboación como un todo homoxéneo en que domina a perspectiva masculina. Hoxe en día aínda se tende a pensar que os consumos femininos de drogas carecen de elementos singulares, ofrecendo as mesmas interpretacións e respostas para homes e mulleres, a pesar de que os factores que levan homes e mulleres a iniciarse no consumo de drogas ou a abusar destas substancias non sempre son coincidentes, como tampouco o son os seus patróns de consumo, as consecuencias ou problemas que provocan ou as necesidades que presentan.

Esta visión deformada da realidade das drogas está en boa medida propiciada pola vixencia que aínda ten na nosa sociedade o modelo tradicional de roles masculino e feminino, que percibe o consumo de drogas por parte das mulleres como un comportamento impropio.

Non obstante, este modelo tradicional dos roles, claramente sexista, está sendo superado por unha realidade na cal as experiencias vitais das mulleres deixaron de estar asociadas exclusivamente ao ámbito da familia e a maternidade, para incorporar unha dimensión pública relacionada co emprego retribuído e a participación, en situación de relativa igualdade cos homes, en practicamente todas as esferas da vida social e económica.

Unha visión moderna e actualizada das relacións de xénero permite visualizar unha realidade diferente, caracterizada por:


- O feito de que tanto homes como mulleres consomen drogas.
- Que as consecuencias ou problemas derivados dos consumos son diferentes en homes e mulleres.

A perspectiva de xénero permite comprender as relacións específicas que homes e mulleres manteñen coas drogas, as súas semellanzas e diferenzas.

Razóns polas que é necesario abordar a prevención e o tratamento das drogodependencias desde unha perspectiva de xénero

- Existen factores de risco que favorecen o inicio do consumo de drogas, ou a súa continuidade, específicos para homes e mulleres.
- As diferenzas biolóxicas, psicolóxicas, sociais e culturais entre homes e mulleres exixen que as estratexias e actividades para previr o consumo de drogas se adapten a estas.
- A adicción ás drogas entre homes e mulleres ten características diferentes. Está amplamente documentado que a gravidade dos problemas de adicción é superior entre as mulleres e que o impacto familiar e social das adiccións femininas é superior.
- As mulleres teñen dificultades engadidas para incorporarse ao tratamento das adiccións e abandonar o consumo de drogas.
- As mulleres presentan, en xeral, unha evolución menos favorable que os homes no tratamento das adiccións, en boa medida porque os servizos asistenciais non teñen en conta as necesidades específicas das mulleres e porque as mulleres reciben máis presións do seu ámbito familiar e social para concluír canto antes o tratamento e poder asumir de novo as súas responsabilidades familiares.

**Abordar as drogas
e as drogodependencias
desde unha perspectiva
de xénero supón:**



Ter presentes as diferenzas e peculiaridades de xénero, é dicir, os factores de tipo físico, psicolóxico e social que condicionan as motivacións para consumir drogas, os distintos patróns de uso e os diferentes efectos e consecuencias.

Eliminar as desvantaxes ou desigualdades que o xénero establece á hora acceder a programas e servizos preventivos e asistenciais.



3

Os distintos **significados**
dos consumos de drogas para homes e mulleres



Consumir drogas non ten o mesmo significado para homes e mulleres, nin é valorado do mesmo xeito polos demais. Mentres que no caso dos homes o consumo de drogas é percibido como unha conduta natural, social e culturalmente aceptada (salvo en casos extremos onde a adicción ás drogas aparece asociada a condutas violentas, temerarias ou antisociais), entre as mulleres supón un reto aos valores sociais dominantes. Por iso as mulleres adictas ás drogas soportan un maior grao de sanción/reproche social que os homes, que se traduce na presenza dun menor apoio familiar ou social.

A estigmatización das mulleres con problemas de adicción ás drogas reforza o seu illamento social, á vez que favorece a ocultación do problema e a ausencia e/ou demora na solicitude de axuda para superalo. Son reiteradas as evidencias que sinalan que atrasan a solicitude de axuda ata o momento en que as consecuencias sobre a súa saúde física e mental ou na súa vida familiar, social ou laboral alcanzan unha entidade tal que as fai insostibles. Esta circunstancia explica, por exemplo, como, sendo a proporción de homes con problemas de abuso de alcohol dobre que a de mulleres, as taxas de tratamento masculinas cuadruplican as femininas (LOURO, G. e BLÁZQUEZ, A. 2000).

As mulleres con consumos problemáticos de drogas perciben con máis frecuencia e intensidade que os homes que fracasaron a nivel persoal, familiar e social, que foron incapaces de desempeñar satisfactoriamente o papel que lles foi asignado: ser unha boa nai ou unha boa ama de casa. As consecuencias desta vivencia adoitan ser a desvalorización persoal, as tensións e conflitos familiares, cando non a violencia familiar.

Pero ademais deben facer fronte á incompreensión e ao rexeitamento por parte do seu ámbito social máis próximo. A diferenza do que lles sucede a moitos homes con problemas de adicción, aos que a súa parella, familiares e amigos lles ofrecen apoio e colaboración para tratar de superalo, numerosas mulleres atópanse co desinterese, cando non coa oposición aberta do seu contorno, ao decidiren iniciar un tratamento. É frecuente comprobar que, cando os consumos problemáticos son realizados por homes, as súas parellas permanecen ao seu lado, coidando da familia e colaborando no proceso de rehabilitación. Pola contra, as parellas das mulleres con problemas de adicción adoitan abandonalas, delegando o coidado dos fillos noutros familiares.

Esta diferente resposta do contorno social aos procesos de adicción ás drogas, en clave de xénero, explica por que moitas mulleres optan por ocultar o problema, por non demandar axuda, temerosas de ser estigmatizadas como adictas e sufrir a exclusión ou rexeitamento da súa parella, familia e ámbito próximo. Non en van, a identidade social feminina constrúese sobre a afectividade e as relacións cos demais, e a desconexión social é unha experiencia especialmente traumática para elas.


Ben é certo que o significado e as percepcións dos consumos de drogas en función do xénero están moi condicionados polo factor xeracional. Se entre as persoas adultas, na súa maioría educadas nun modelo tradicional de identidades e roles, o consumo de drogas por parte das mulleres é percibido como un comportamento reproble, obxecto de rexeitamento social, non acontece o mesmo coas xeracións de adolescentes e de mozos, educadas en valores que defenden a igualdade entre homes e mulleres e que, consecuentemente, ven con normalidade o feito de que compartan os mesmos comportamentos e hábitos.

Así pois, existen dúas lecturas diferenciadas que coexisten na nosa sociedade en relación co consumo de drogas por parte das mulleres:

- A do rexeitamento cando os consumos os realizan as mulleres adultas, porque representan un claro desafío ao rol tradicional feminino.
- A da súa aceptación, máis ou menos tácita, cando os consumos son realizados polas adolescentes e polas mozas, posto que son percibidos como unha expresión dunha nova cultura baseada na igualdade de xénero.

4

Consumo de drogas e xénero





Consumo das distintas **drogas segundo o xénero**

O modelo tradicional de consumo de drogas, vixente na nosa sociedade ata comezos dos anos setenta, caracterizábase porque o uso de drogas, basicamente alcohol e tabaco, se circunscribía fundamentalmente á poboación masculina adulta. Este patrón cultural de relación coas drogas supuxo que os consumos entre as mulleres se mantivesen en niveis moi baixos, sensiblemente inferiores aos dos homes.

A medida que a sociedade se foi modernizando e se reduciron as desigualdades de xénero, as mulleres comezan a adquirir algunhas das condutas de risco tradicionalmente consideradas como tipicamente masculinas, o que se traduciu nun incremento substancial dos consumos femininos. As mulleres, no seu desexo de conquistar a igualdade cos homes, imitaron algúns comportamentos característicos do rol masculino, entre os que se inclúe o uso de drogas.

A pesar diso, e coa única excepción dos tranquilizantes, os consumos de drogas seguen sendo hoxe en día claramente superiores entre os homes.


Consumo de drogas entre poboación de 12 e máis anos, segundo o xénero (%).
Galicia, 2006.

Substancias	Total	Homes	Mulleres
— Tabaco (diario)	31,3	38,1	25,1
— Alcohol (últimos 30 días)	67,3	79,1	56,4
— Alcohol (abusivo)	4,5	6,4	2,8
— Tranquilizantes (últimos 6 meses)	6,4	4,5	8,1
— Hipnóticos (últimos 6 meses)	1,1	1,5	0,7
— Cannabis (últimos 6 meses)	7,9	11,1	5,0
— Cocaína (últimos 6 meses)	1,4	3,8	1,0
— Drogas de síntese (últimos 6 meses)	0,7	0,9	0,5
— Anfetaminas (últimos 6 meses)	0,5	0,6	0,4
— Alucinóxenos (últimos 6 meses)	0,9	1,4	0,5
— Heroína (últimos 6 meses)	0,2	0,4	0,1

FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.

Os consumos de drogas en función do xénero están moi condicionados polo factor xeracional. Esta circunstancia explica como, nun escenario caracterizado pola supremacía dos consumos de drogas entre os homes, a equiparación dos hábitos de consumo de drogas en homes e mulleres é xa unha realidade entre os adolescentes. De feito, as e os adolescentes galegos de 12 a 18 anos fuman tabaco, beben alcohol (e abusan deste) e consomen cannabis e cocaína en porcentaxes similares.

Consumo de drogas entre adolescentes de 12 a 18 anos (%). Galicia, 2006.



FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.

Cómpre sinalar que as mulleres se inician no consumo de tabaco, alcohol cannabis e anfetaminas máis tarde que os homes, mentres que, pola contra, teñen un contacto máis temperán coas drogas de síntese, alucinóxenos, heroína, tranquilizantes e hipnóticos (pastillas para durmir).

Idade media de inicio no consumo de drogas, segundo o xénero (anos). Galicia, 2006.

Substancias	Total	Homes	Mulleres
— Tabaco	16,7	16,4	17,2
— Alcohol	16,8	16,5	17,2
— Cannabis	17,2	17,2	17,3
— Drogas de síntese	18,8	19,1	17,4
— Heroína	21,3	21,4	20,4
— Alucinóxenos	19,1	19,5	16,7
— Cocaína	19,3	19,3	19,3
— Anfetaminas	21,5	20,1	26,1
— Tranquilizantes	38,6	41,5	37,2
— Hipnóticos	40,8	49,7	33,1

FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.



Singularidades dos consumos en función do xénero



Tabaco

No caso do tabaco, é perceptible a tendencia á equiparación dos hábitos de consumo entre homes e mulleres, aínda que a incidencia do tabaquismo segue a ser superior entre os homes:

- A porcentaxe de fumadores diarios continúa sendo moi superior entre os homes (do 38,1% fronte ao 25,1% das mulleres).
- Os homes consomen, de media, 3,3 cigarros máis ao día que as mulleres.
- Entre os adolescentes de 12 a 18 anos a porcentaxe de mozas que fuman diariamente (29%) supera o de mozos (25,7%). A partir desa idade, o consumo diario de tabaco é superior entre os homes, ata alcanzar a súa máxima diferenza entre as persoas de 55 ou máis anos, grupo en que por cada fumadora hai catro fumadores.
- A porcentaxe de mulleres que non fumaron nunca (56%) é case a dobre que a de homes (32,3%).


Fumadores diarios segundo o xénero e a idade (%). Galicia, 2006.

	Total	12-18	19-24	25-39	40-54	55 e máis
— Homes	38,1	25,7	48,6	43,4	42,5	30,6
— Mulleres	25,1	29,0	46,1	38,3	31,8	7,5

FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.

A evolución do tabaquismo en Galicia entre a poboación de 12 e máis anos durante o período 1992-2006 mostra un lixeiro incremento da poboación que fuma diariamente (do 29,6% en 1992 ao 31,3% de 2006). Esta tendencia débese ao incremento do tabaquismo entre as mulleres, posto que entre os homes se reduciu levemente a porcentaxe de fumadores diarios.

Evolución do consumo diario de tabaco, segundo o xénero. Galicia, 1992-2006.



FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.

Estudos realizados a nivel nacional (RODRÍGUEZ SANZ, M. et al. 2005) sinalan que entre as mulleres das clases sociais máis altas continúa aumentando a frecuencia de fumadoras e de grandes fumadoras. Os motivos desta situación estarían relacionados coas presións que recibe este grupo, tanto por cargas estresantes (relacionadas coa conciliación da vida familiar e laboral), como polos modelos de xénero vixentes, que poden seguir validando o feito de fumar como recurso estético. Así mesmo, as mulleres laboralmente activas seguen rexistrando as maiores porcentaxes de fumadoras, moi por enriba das que se dedican en exclusiva ás tarefas do fogar. Esta situación non é atribuíble tanto á incidencia da inserción no mercado laboral sobre o consumo de tabaco, coma á asociación deste hábito cos espazos públicos de sociabilidade.



Alcohol

Igual que acontece co tabaco, nos últimos anos produciuse un importante incremento do consumo de bebidas alcohólicas entre as mulleres. A pesar diso, os homes consomen bebidas alcohólicas nunha proporción sensiblemente superior, inxiren maiores cantidades, beben con maior frecuencia e rexistran patróns de abuso de alcohol moi superiores aos das mulleres.

- 🍷 A porcentaxe de bebedores diarios entre os homes (27,4%) é máis do dobre que entre as mulleres (12,9%).
- 🍷 Entre as mulleres obsérvase a presenza dun 73,7% de abstemias, fronte ao 47,5% no caso dos homes.
- 🍷 A porcentaxe de bebedores abusivos é máis do dobre entre os homes (6,4%) que entre as mulleres (2,8%).
- 🍷 Non obstante, entre os adolescentes as porcentaxes de bebedores abusivos son practicamente idénticas entre os mozos e as mozas.

Bebedores abusivos segundo o xénero e a idade. Galicia, 2006.


	Total	12-18	19-24	25-39	40-54	55 e máis
— Homes	6,4	3,2	5,8	7,1	9,3	4,7
— Mulleres	2,8	3,3	5,4	3,6	1,0	2,0

FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.

A evolución do consumo de alcohol entre a poboación galega de 12 e máis anos no período 1992-2006 confirma a existencia de diferenzas relevantes en función do xénero:

- 🍷 Aínda que a porcentaxe de consumidores de alcohol nos últimos 30 días creceu tanto en homes como en mulleres, entre estas últimas fíxoo de forma moito máis intensa. Entre 1996 e 2006 a porcentaxe de consumidores de alcohol no último mes pasou do 70,4% ao 79,1% entre os homes e do 38,7% ao 56,4% entre as mulleres.
- 🍷 Fronte ao importantísimo descenso experimentado no consumo abusivo de alcohol por parte dos homes, a porcentaxe de mulleres que beben abusivamente creceu levemente, a pesar do cal o consumo abusivo de alcohol masculino segue sendo máis do dobre que o feminino.

Evolución do consumo abusivo de alcohol, segundo o xénero. Galicia, 1992-2006.



FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.

Estudos realizados en España (RODRÍGUEZ - SANZ, M. et al., 2006) indican que, mentres que os homes de clases sociais menos favorecidas son os que presentan maiores prevalencias de consumos de risco de alcohol, no caso das mulleres estes consumos localízanse entre as de clases máis favorecidas. Esta pauta de consumo de risco en función da clase social, no caso das mulleres podería estar relacionada, igual que acontece co tabaco, co cambio das expectativas que supón o modelo actual de xénero, que facilitaría a adopción de condutas que ata non hai moito tempo se consideran propiamente masculinas.



Tranquilizantes


O consumo de tranquilizantes foi tradicionalmente superior entre as mulleres, cuxas prevalencias de uso nos últimos seis meses son case o dobre que entre os homes, desproporción que se mantén en todos os grupos de idade.

O maior nivel de uso de tranquilizantes por parte das mulleres relaciónase co rol tradicional centrado na reprodución e no coidado do fogar (incluído o coidado dos fillos e das persoas dependentes), o que favorece a aparición de situacións de incomunicación e illamento social, a ausencia de recoñecemento e valoración social e a carencia de proxectos e espazos propios para a realización persoal.

A sobrecarga física e emocional a que se ven sometidas numerosas mulleres incrementase entre aquelas que compatibilizan o traballo produtivo fóra do fogar e as tarefas domésticas, en especial nos fogares monoparentais liderados por mulleres con fillos menores ao seu cargo.

A crecente utilización de psicofármacos (tranquilizantes, somníferos e ansiolíticos) para o tratamento de problemas psicolóxicos provocados polas tensións sociais (familiares, laborais, etc.) levou as autoridades sanitarias a intensificar o control do seu uso, o que contribuíu a reducir o seu nivel de consumo. Non obstante, nos últimos anos produciuse un aumento no uso de tranquilizantes, tanto entre os homes como entre as mulleres, manténdose a desproporción de uso a favor destas.

Evolución do consumo de tranquilizantes (últimos 6 meses), segundo o xénero. Galicia, 1992-2006.



FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.



Drogas ilícitas

Os consumos de drogas ilícitas son moi superiores entre os homes; no entanto, estas diferenzas acúrtanse, ata case desapareceren, no caso dos adolescentes:

✿ O consumo de cocaína entre os adolescentes de 12 a 18 anos nos últimos 6 meses alcanza o 3,7% entre os mozos e o 3,6% entre as mozas.

✿ Pola súa banda, o consumo de cannabis neste mesmo período é do 22,4% entre os mozos e do 20,3% entre as mozas.


✿ A partir dos 40 anos a presenza de mulleres consumidoras de drogas ilícitas redúcese de forma drástica, ata alcanzar niveis testemuñais no caso de substancias como a cocaína.

A evolución do consumo de drogas ilícitas no período 1992-2006 mostra como, a pesar de crecer de forma significativa entre as mulleres, segue manténdose en niveis sensiblemente inferiores aos observados entre os homes. Non obstante, o ritmo de crecemento dos consumos foi proporcionalmente máis intenso entre as mulleres, circunstancia que, unida á equiparación dos consumos nos grupos de idade máis novos, fai previsible que no futuro continúen reducíndose as diferenzas de consumo en función do xénero.

Mentres que entre os adolescentes o xénero non introduce diferenzas significativas nos niveis de consumo, pois mozas e mozos participan dun patrón maioritariamente asociado a motivacións lúdicas, non sucede o mesmo entre as persoas adultas. Numerosos estudos indican que a iniciación no consumo de drogas por parte das mulleres se asocia a relacións afectivas con parellas consumidoras e como resposta a situacións conflitivas a nivel persoal ou familiar (violencia, abusos, etc.).

Evolución do consumo de cannabis (últimos 6 meses), segundo o xénero.


Galicia, 1992-2006.



FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.

Evolución do consumo de cocaína (últimos 6 meses), segundo o xénero. Galicia,

1992-2006.



FONTE: Observatorio de Galicia sobre Drogas.

Interésalle saber que:



- **Aínda que os consumos de drogas son menos frecuentes entre as mulleres, estas son máis vulnerables aos seus efectos.**

No caso do alcohol as diferenzas nos procesos de metabolización das bebidas alcohólicas e no peso corporal xustifican que o Ministerio de Sanidade e Consumo fixe un limiar para os consumos de risco diferentes para cada sexo: para os homes de 28-35 unidades básicas estándar de alcohol semanais (o equivalente a 28-35 copas de viño ou canas de cervexa) e de 17-21 UBE para as mulleres.

- **As mulleres teñen maiores dificultades para iniciar tratamento polos problemas de adicción a estas substancias.**

Os datos epidemiolóxicos indican que as mulleres con problemas de adicción ás drogas se poñen en tratamento para superalos en menor proporción que os homes e, ademais, mostran unha evolución menos favorable. Iso é debido a que as mulleres se atopan con maiores barreiras que os homes para iniciar o tratamento das adiccións: a) contan con menos apoio familiar e social, b) o inicio do tratamento supón con frecuencia abandonar as súas responsabilidades no coidado do fogar e dos fillos menores e c) temen que facer pública a súa adicción supoña a retirada da custodia dos seus fillos.


- **As mulleres teñen unha evolución menos positiva ou favorable que os homes cando se incorporan a tratamentos das adiccións.**

Na menor eficacia que os tratamentos das adiccións teñen entre as mulleres inflúe tanto o feito de que moitos dos servizos asistenciais non estean adaptados ás necesidades particulares das mulleres como a presión que o propio ámbito familiar exerce para que o tratamento remate o antes posible, co fin de que as mulleres poidan asumir de novo as súas responsabilidades no fogar (que con frecuencia priorizan o coidado dos fillos e do fogar fronte á súa propia rehabilitación).




5

As drogas e as **consequências**
do seu consumo habitual ou abusivo




Impacto das drogas na **saúde**


O uso e abuso das drogas é un dos principais factores determinantes da saúde, en particular entre a poboación nova, unha conduta que lles afecta de forma diferente a homes e a mulleres. Non obstante, o consumo de drogas ten unha serie de efectos ou consecuencias sobre a saúde comúns para homes e mulleres, entre os que cabe mencionar:

Complicacións a nivel físico		
	Alcohol	 Trastornos dixestivos: gastrite, úlceras, cancro de colon, recto e estómago.  Lesións no fígado (hepatite, cirrose e cancro) e páncreas.  Trastornos hematolóxicos (no sangue).  Trastornos cardiovasculares: hipertensión, arritmias, cardiopatías, etc.  Trastornos metabólicos e endócrinos.  Trastornos neurolóxicos.  Envellecemento precoz.
	Tabaco	 Problemas respiratorios: bronquite, asma, enfisema.  Problemas cardiovasculares: hipertensión, infarto e anxia de peito.  Cancro de pulmón, boca, larinxe, farinxe, esófago, etc.  Problemas dixestivos (gastrite, úlcera).  Envellecemento prematuro.  Redución dos anos de vida.
	Tranquilizantes	 Alteracións neurolóxicas (tremores e vertixe).  Dor de cabeza.
	Cannabis (haxix, marihuana)	 Alteracións respiratorias, cardiovasculares e procesos cancerosos similares ao tabaco.  Alteracións do ritmo cardíaco.
	Cocaína	 Alteracións cardiovasculares: taquicardias, infartos de miocardio, etc.  Alteracións neurolóxicas (hemorraxias cerebrais, interrupción brusca da actividade cerebral, crises convulsivas, etc).  Problemas respiratorios.  Anorexia, perda de peso.  Mortes por reacción aguda ou sobredose.
	Anfetaminas e drogas de síntese	 Anorexia e perda de peso.  Accidentes cardiovasculares (infartos, etc.).
	Heroína	 Alteracións dixestivas, renais, hepáticas, neurolóxicas, cardiovasculares, do sistema endócrino e inmunitario e do aparato locomotor.  Enfermidades infecciosas relacionadas con prácticas de risco (VIH/sida, hepatitis, etc.).

Complicacións a nivel psicolóxico ou mental

	Alcohol	 Trastornos do humor (afectivos): depresión, disforia, irritabilidade, agresividade, etc.  Trastornos de ansiedade.  Alteracións do sono (insomnio).  Trastornos psicóticos (alucinacións, delirium, etc.).  Alteracións da conciencia e a memoria, demencia, etc.
	Tranquilizantes	 Depresión, falta de motivación, ansiedade.  Trastornos do sono.  Algunhas persoas experimentan perda de memoria, toma de decisións erróneas e dificultades de atención.
	Cannabis (haxix, marihuana)	 Alteración da aprendizaxe e a memoria.  Trastornos emocionais (depresión, ansiedade).  Síndrome amotivacional (apatía, empobrecemento afectivo, desinterese).  En persoas con certa predisposición, facilita a aparición de trastornos psiquiátricos graves (brotos esquizofrénicos, alucinacións, delirios e paranoias).
	Cocaína	 Trastornos da atención, a concentración e o sono.  Trastornos psíquicos severos: ideas paranoias, depresión, esgotamento, crise de angustia, ideas suicidas, etc.  Agresividade e condutas violentas.  Redución da capacidade para experimentar pracer de forma natural.
	Anfetaminas e drogas de síntese	 Trastornos do sono (insomnio, hipersomnio).  Perda de memoria e dificultade de concentración.  Ansiedade, episodios de pánico e depresión severa.  Trastornos psicóticos: delirios paranoias, alucinacións, despersonalización e perda de contacto coa realidade.
	Heroína	 Trastornos da memoria, depresión, falta de motivación (síndrome amotivacional).  Episodios esquizofrénicos, trastornos delirantes orgánicos, trastornos psicóticos e trastornos de personalidade.

E quizais o máis importante,



o consumo continuado durante períodos prolongados de calquera das drogas mencionadas ten, ademais, uns efectos comúns na saúde, como son a súa capacidade para provocar:

- Dependencia.
- Tolerancia (precísanse maiores doses para obter os mesmos efectos).
- A aparición da síndrome de abstinencia cando se suspende o consumo, caracterizada pola presenza de diferentes síntomas desagradables que varían segundo as substancias (ansiedade, irritabilidade, dificultades para durmir, alucinacións visuais ou auditivas nos casos de alcoholismo, etc.).



Impacto das drogas na **vida familiar e social**

O consumo de alcohol ou doutras drogas (cocaína, heroína, etc.) provoca:		
	Problemas familiares	 A deterioración das relacións familiares e/ou de parella: discusións cos pais ou a parella, separacións, divorcios, etc.  A partición de episodios de violencia doméstica.  A desatención ou incumprimento de obrigas familiares (falta de colaboración en tarefas domésticas, desatención de fillos menores, etc.).  Problemas económicos (ao dedicar grandes sumas de diñeiro a financiar o consumo).  O illamento social dos consumidores e a súa familia (ruptura de relacións con amigos, rexeitamento social, etc.).
	Problemas laborais	 Absentismo laboral, atrasos e baixas por enfermidade.  Accidentes laborais, ao verse alteradas as capacidades físicas e intelectuais.  Despedimentos e sancións por incumprimento das obrigas laborais.  Diminución do rendemento laboral e deficiente calidade do traballo.  Conflitos e malas relacións con superiores e compañeiros.
	Problemas escolares	 Redución intensa do rendemento escolar como resultado do descenso do rendemento intelectual e dos problemas de atención, concentración e memoria asociados ao consumo.  Perda de interese polos estudos e abandono temperán do sistema educativo.  Absentismo e fracaso escolar.  Problemas de relación con compañeiros e profesores.
	Problemas legais	 Sancións e multas por conducir vehículos baixo a influencia do alcohol ou outras drogas.  Arrestos ou detencións por implicación en pelexas ou agresións.  Comisión de delitos para financiar o consumo.

6

Impacto diferencial das drogas en homes e mulleres



Homes e mulleres teñen diferentes características físicas, psicolóxicas e sociais que son a causa do distinto impacto dos consumos de drogas:

- **Diferenzas físicas.** Perceptibles no peso, a altura, a forza, o funcionamento hormonal e as respostas biolóxicas fronte ás drogas.
- **Psicolóxicas.** Derivadas tanto de factores xenéticos (existen diferenzas no funcionamento do cerebro de homes e mulleres) como educativos e que afectan á distinta capacidade de homes e mulleres para simultanear a realización de tarefas, de concentración, orientación, habilidades verbais e cognitivas, memoria, capacidade de aprendizaxe e na relevancia dada aos aspectos emocionais, neste último caso maior entre as mulleres, o que as fai máis vulnerables aos trastornos do estado de ánimo.
- **Sociais.** Con distintos roles e niveis de recoñecemento e valoración social, participación social e poder.

O escaso interese prestado ata o momento pola perspectiva de xénero nas investigacións epidemiolóxicas provoca que o coñecemento sobre o impacto diferencial das drogas en homes e mulleres sexa limitado e se centre, sobre todo, en substancias como o tabaco e o alcohol.

Elementos característicos das adiccións a drogas presentes nas mulleres baseados en investigacións

- O comezo no consumo de drogas é algo máis tardío.
- Os trastornos adictivos progresan de forma máis rápida.
- Maior severidade da adicción.
- Consomen menos cantidades que os homes, pero os trastornos físicos derivados do consumo son máis frecuentes e graves.
- Sofren de xeito singular o impacto das drogas na actividade reprodutora.
- Presentan en maiores porcentaxes que os homes outros trastornos psiquiátricos asociados á dependencia das drogas.
- Sinalan con máis frecuencia a presenza de trastornos psiquiátricos previos ao consumo problemático de drogas.
- A reacción ante a depresión, a ansiedade e o estrés aparecen con frecuencia como desencadeadores do consumo de drogas.
- Maior probabilidade de ter historia de abuso físico ou sexual.
- Maior probabilidade de ter intentos de suicidios.
- Unha elevadísima probabilidade de sufrir malos tratos físicos ou psicolóxicos a mans da súa parella.
- Máis problemas familiares, laborais e económicos que os homes.
- Contan con menos apoio familiar e social para afrontar os problemas.
- Dispoñen de menos recursos ou de maiores dificultades para acceder a estes, en especial cando teñen fillos menores.

Aínda que a porcentaxe de mulleres con problemas de abuso ou dependencia das drogas é sensiblemente menor que a de homes, os problemas que presentan as mulleres teñen unha maior gravidade, o que as fai merecedoras dunha atención específica.

A continuación resúmense as principais evidencias dispoñibles sobre o impacto que teñen as distintas drogas en clave de xénero.



Tabaco

Os estudos demostran que a toxicidade do tabaco lles afecta tanto a homes como a mulleres, e nun grao similar, reiterando o feito de que, cando as mulleres fuman como os homes, enferman e morren coma eles (REDONDO, J. et al., 2007). Non obstante, as mulleres teñen unha especial vulnerabilidade fronte ao tabaco, fundamentalmente polos seus efectos na función ovárica e na secreción de estróxenos, ademais de polos seus efectos sobre o feto cando se mantén o hábito tabáquico durante o embarazo.

O consumo de tabaco ten un efecto antiestroxénico (as fumadoras compórtanse como se tivesen unha deficiencia relativa de estróxenos), o que agrava unha serie de enfermidades ou situacións patolóxicas que provocan:

- O adianto da menopausa.
- A aparición precoz e evolución acelerada da osteoporose posmenopáusica e das súas consecuencias.
- Unha maior presenza ou incidencia de quistes ováricos e de mastite (inflamación da mama).
- Unha maior frecuencia do cancro de colo uterino.
- Menstruacións dolorosas.
- Maior risco de aparición de miomas uterinos e endometriose.
- Máis probabilidade de aparición de cancro de cérvix.

Como contrapartida, o impacto do tabaco na secreción de estróxenos reduce ata nun 50% o risco de cancro de endometrio, aínda que a evolución da enfermidade é máis desfavorable entre as fumadoras.

O aumento do tabaquismo entre as mulleres provocou un intenso incremento do cancro de pulmón entre estas: nos últimos 10 anos a mortalidade por cancro de pulmón creceu un 20% entre as mulleres, fronte a un 5% entre os homes. Ademais, aumentou a incidencia de cancro oral, de garganta, larinxe, esófago, estómago, páncreas, vesícula biliar, ril, cérvix e útero. Estudos recentes poñen en evidencia que o tabaco pode aumentar a probabilidade de desenvolver cancro de mama.



Alcohol

Consumindo a mesma cantidade de alcohol, as mulleres rexistran niveis de alcoholemia superiores aos homes. Isto é debido a que as mulleres absorben e metabolizan o alcohol de xeito diferente aos homes (teñen menos enzimas metabolizantes do alcohol, máis tecido graxo e menos sangue e auga), o que provoca que, ingerindo a mesma cantidade de alcohol que os homes, a súa concentración de alcohol en sangue sexa maior.

As evidencias científicas sinalan que as mulleres toleran peor o alcohol que os homes, mostrando unha maior vulnerabilidade aos seus efectos e expoñéndose máis ca eles ao risco de danos hepáticos (hepatite, cirrose), cerebrais e enfermidades cardíacas (MARSHALL, A. W., et al., 1983, HILL, S. Y. 1984, NATIONAL INSTITUTE ON ALCOHOL ABUSE AND ALCOHOLISM, 1999). Outra peculiaridade que lles afecta ás mulleres é o feito de que os danos do abuso de alcohol teñen nelas unha evolución moito máis rápida (LOURO, G. e BLÁZQUEZ, A. 2000). Diversos factores metabólicos, endócrinos e xenéticos provocan que nas mulleres se instauren problemas de alcoholismo en menos tempo que entre os homes e que sufran disfuncións cerebrais e desenvolvan enfermidades hepáticas e cardíacas máis cedo que os homes, mesmo cando beben menos ca eles.

Aínda que ao longo da vida as mulleres alcohólicas beben menos e durante menos tempo que os seus homólogos homes, a probabilidade de que desenvolvan hepatite e/ou cirrose alcohólica e morran diso é moito maior. A mortalidade entre as mulleres alcohólicas ás cales se lles diagnosticou cirrose aos cinco anos é case a dobre que a dos homes que padecen esta enfermidade. Pola súa banda, as mulleres que sofren de cirrose alcohólica morren case unha década antes que os homes (SÁNCHEZ-HERVAS, E. et al., 2003).

Estudos de imaxes cerebrais mostran que as mulleres alcohólicas perden maior cantidade de tecido cerebral que os homes; por esta razón, as mulleres alcohólicas rexistran disfuncións cerebrais de forma máis temperá e experimentan unha maior deterioración intelectual e un maior risco de complicacións neuropsiquiátricas.

As mulleres deben facer fronte a unha serie de riscos e consecuencias particulares derivados do abuso do alcohol; entre outros:

🍷 Osteoporose.

🍷 Alteracións do embarazo.

🍷 Alteracións xinecolóxicas e disfuncións sexuais.

🍷 Maiores taxas de mortalidade.

🍷 Depresión e suicidios. Entre as mulleres alcohólicas son máis frecuentes os problemas depresivos, de baixa autoestima e soidade que entre os homes alcohólicos (BECKMAN, L. J. e AMARO, H. 1984).

🍷 Cancro de mama.



Tranquilizantes

As diferenzas nos procesos de absorción e metabolización dos tranquilizantes en función do xénero explican por que:

🍷 As mulleres necesitan unha dose menor que os homes para obter os mesmos efectos terapéuticos.

🍷 As mulleres experimentan ata o dobre de efectos secundarios que os homes durante o tratamento con tranquilizantes ou outros psicofármacos (ROBINSON, G. E. 2002).

Outros estudos sinalan que as mulleres consumidoras de tranquilizantes teñen unha maior tendencia que os homes a mesturalos co alcohol, o que incrementa o risco de accidentes e intoxicacións.



Cannabis


Os trastornos de ansiedade asociados ao consumo de cannabis son máis frecuentes entre as mulleres.



Cocaína

O xénero establece diferenzas na farmacocinética da cocaína (nos procesos de absorción, distribución, transformación e eliminación desta no organismo) que explican que, ante unha mesma dose, homes e mulleres teñan distintos niveis de cocaína en sangue. Iso explica por que as mulleres son, en xeral, máis vulnerables aos efectos da cocaína.

Tamén os ciclos menstruais alteran a toxicidade da cocaína, de modo que, en función do nivel de estróxenos, se produce nas mulleres unha resposta diferente na disfunción cerebral xerada polo uso crónico de cocaína.



Heroína

Non existen conclusións definitivas respecto á influencia do xénero nas consecuencias derivadas do uso e abuso da heroína. Algúns autores sinalan que as mulleres desenvolven de xeito máis rápido a adicción a esta substancia, consomen maiores cantidades e sométense a prácticas de risco, como o uso compartido de xiringas, en maior proporción que os homes.

7

Efectos das drogas na saúde sexual e reprodutiva

O consumo de drogas ten un impacto moi negativo sobre a saúde sexual e reprodutiva, provocando:

- A redución da fertilidade.
- Alteracións no curso do embarazo, con diversos danos para o feto e o neonato.
- Disfuncións sexuais e condutas de risco.
- A transmisión de enfermidades infecciosas.



Drogas e **fertilidade**

Malia que aínda se están a investigar os mecanismos polos que as diferentes drogas afectan ao funcionamento do aparato reprodutor, o certo é que producen un importante descenso da fertilidade. Os resultados das investigacións realizadas ata o momento confirman que o consumo destas substancias afecta ao funcionamento dos ovários, alterando os ciclos menstruais.

Efectos		
	Tabaco (REDONDO, J. et al. (2007))	➤ Redución da fertilidade, tanto en mulleres como en homes. As substancias tóxicas presentes no tabaco afectan á reprodución humana e reducen de forma significativa e progresiva, segundo a cantidade consumida, a fertilidade das mulleres que desexan ter fillos. ➤ Pode existir un atraso na concepción. Entre as mulleres fumadoras as posibilidades de concibir redúcense entre un 10% e un 40% por ciclo, e canto maior é o número de cigarros consumidos máis tarda a muller en quedar embarazada (OLSEN, J. 1991). ➤ Tamén pode existir infertilidade. De feito, as mulleres que fuman teñen o dobre de risco de ser infértiles que as mulleres non fumadoras (US DEPARTMENT OF HEALTH AND HUMAN SERVICES, 2001). ➤ Redución do éxito dos tratamentos de reprodución asistida. ➤ Incremento do risco de padecer infarto agudo de miocardio entre as mulleres fumadoras que toman anticonceptivos orais, en especial das que teñen 35 anos ou máis. As fumadoras que toman anticonceptivos orais teñen un risco de padecer infarto agudo de miocardio 20 veces superior ás non fumadoras (WHO, 1996). ➤ O adianto da menopausa (en dous anos por termo medio). As mulleres que fuman un paquete diario de cigarros durante 20 anos teñen un risco de menopausa precoz tres veces superior ás non fumadoras.
	Alcohol	➤ Aparición de ciclos menstruais irregulares. ➤ Ausencia de ovulación. ➤ Un maior risco de abortos. ➤ Aparición de menopausa precoz.
	Cannabis (haxix, marihuana)	O consumo de haxix ou marihuana provoca cambios hormonais que dan lugar a (PASCUAL, J. et al., 2003): ➤ Trastornos menstruais. ➤ Ciclos sen ovulación. ➤ Abortos espontáneos.
	Cocaína	➤ Alteración dos ciclos menstruais. ➤ Ausencia de menstruación. ➤ Redución do número de ciclos ovulatorios. ➤ Secreción láctea da mama fóra do embarazo e do período de lactación (galactorrea).
	Heroína e outros opiáceos	➤ Alteración dos ciclos menstruais. ➤ Ausencia de regras.



Drogas e **embarazo**

O consumo de tabaco, alcohol ou outras drogas durante o embarazo implica graves riscos para o feto e o neonato, posto que estas substancias atravesan a barreira placentaria e hematoencefálica (paredes dos capilares encefálicos que dificulta ou impide o paso de determinadas substancias desde o sangue ao sistema nervioso) e pasan tamén ao leite materno.



Repercusións do tabaquismo

Numerosos estudos confirman o grave impacto que o tabaco ten no desenvolvemento do feto, no parto e no desenvolvemento dos neonatos. O consumo de tabaco por parte da nai durante o embarazo incrementa o risco de:

- Complicacións da placenta.
- Rotura prematura de membranas (incrementa o risco de rotura precoz da bolsa e de hemorraxia perinatal).
- Embarazos ectópicos (implantación do embrión fóra da cavidade endometrial).
- Abortos espontáneos.
- Prematuridade.
- Baixo peso ao nacer (os fillos de nais fumadoras pesan 300 gramos e miden 1 centímetro menos de media ao nacer).
- Mortalidade perinatal (previa ou inmediatamente posterior ao nacemento).
- Os fillos de nais fumadoras teñen con maior frecuencia problemas respiratorios (maior propensión a ser asmáticos, etc.).
- O consumo moi elevado de tabaco aumenta o risco de exposición dos fillos á diabeite tipo II e á obesidade na etapa adulta.
- Fumar durante o embarazo dana o corazón do feto (MALIK, S. et al., 2008).

No caso do tabaquismo pasivo (a exposición do neonato aos efectos do tabaco) increméntase o risco de “síndrome de morte súbita do lactante”, de otite media e de enfermidades respiratorias, incluída a asma.

O 25% dos abortos espontáneos e o 20% das mortes durante o primeiro ano de vida poderían evitarse se as mulleres embarazadas deixasen de fumar.



Repercusións do consumo de alcohol

A inxesta de calquera cantidade de bebidas alcohólicas durante o embarazo supón un grave risco para o feto, incrementando o risco de que os neonatos presenten anomalías conxénitas. O consumo de alcohol durante o embarazo é a principal causa de atraso mental (o 5% de todas as anomalías conxénitas son achacables ao alcohol). Estímase que polo menos 1 de cada 3.000 nados vivos presenta unha serie de anomalías ou defectos que se coñecen como “síndrome alcohólica fetal”, entre as que se inclúen: atraso no crecemento pre e posnatal, alteracións do SNC, alteracións do rostro e diversas anomalías conxénitas.

A inxesta materna de alcohol durante o embarazo pódelle afectar ao feto e ao neonato de xeito moi negativo, incrementando o risco de que:

- 🍷 Os nenos/ás sexan máis pequenos/as ao nacer.
- 🍷 Crezan menos e máis devagar que outros nenos/as.
- 🍷 Presenten alteración dos trazos faciais.
- 🍷 Teñan problemas e malformacións de distintas partes do organismo, como o corazón, os riles, o tubo dixestivo, as extremidades, etc.
- 🍷 Sufran atraso mental en distintos graos (o alcohol é a primeira causa non xenética de atraso mental).
- 🍷 Presenten o que se coñece como síndrome alcohólica fetal.
- 🍷 Teñan hiperactividade.
- 🍷 Sufran problemas da linguaxe, de adaptación e de coordinación.

Existe relación entre a dose de alcohol consumida polas nais e os efectos provocados nos fillos. As malformacións máis graves entre os nenos afectados pola exposición ao alcohol prodúcense entre alcohólicas crónicas. Tamén a exposición temporal ao alcohol, pero en grandes cantidades, se asocia co incremento do risco de malformacións conxénitas graves. Non obstante, comprobouse que o consumo de pequenas doses durante todo o período de xestación orixina a diminución do coeficiente intelectual dos fillos.

Ademais do impacto sobre o feto e os neonatos, a inxesta de alcohol causa diversos problemas sobre o embarazo:

- 🍷 Incremento do risco de abortos espontáneos.
- 🍷 Alteracións da placenta.
- 🍷 Sangrado vaxinal.



Repercusións do consumo de tranquilizantes

- 💊 O abuso de tranquilizantes durante o embarazo pode provocar deformacións na cara dos neonatos e anomalías cerebrais.
- 💊 Os fillos das mulleres consumidoras de tranquilizantes poden nacer con dependencia destes ou sufrir problemas respiratorios.



Repercusións do consumo de drogas ilícitas

Os fillos de nais consumidoras de drogas pesan menos ao nacer e presentan cunha maior frecuencia malformacións conxénitas e outros defectos, como: espiña bífida, atresia de esófago, ausencia de ano, rotura da parede abdominal, alteracións cardiovasculares e malformacións renais e urinarias.

Ademais provoca outros problemas:

- ☹ Aumento do risco de aborto.
- ☹ Presenza dunha síndrome de abstinencia a drogas no neonato.

Cannabis

O THC, principal principio activo do haxix e da marihuana, atravesa a barreira placentaria e acumúlase no leite, polo que non se recomenda a lactación materna en consumidoras de cannabis.

O consumo habitual de haxix ou marihuana durante o embarazo prexudica o desenvolvemento do feto, provocando:

-  A redución do peso dos neonatos.
-  A alteración das funcións cognitivas-mentais dos nenos.
-  A aparición de trastornos de atención (escasa atención aos estímulos visuais) e hiperactividade.

O consumo de cannabis durante o embarazo asóciase a:

-  Unha taxa máis alta de prematuridade e de inmadureza fetal, así como de complicacións obstétricas.
-  Os neonatos presentan nos días inmediatos ao nacemento hiporreactividade a estímulos, irritabilidade e trastornos do sono, o que parece asociarse a un cadro de abstinencia.
-  A máis longo prazo, detéctase atraso na habilidade e na memoria verbais.

Cocaína

O consumo de cocaína no embarazo asóciase a un risco elevado de:

-  Aborto.
-  Morte fetal intrauterina.
-  Prematuridade con inmadureza fetal.
-  Menor peso dos bebés ao nacer.
-  Danos no desenvolvemento do feto (toxicidade sobre o feto).
-  Danos cerebrais. A cocaína atravesa a placenta e provoca efectos nocivos sobre o feto, especialmente lesións cerebrais, que poden ser a causa da morte intrauterina ou de danos cerebrais permanentes despois do nacemento. Estes danos poden ser o motivo polo cal moitos destes nenos padezan hiperactividade, crezan con trastornos de personalidade e da organización da resposta a estímulos ambientais, con atraso cognitivo e que na vida adul-

ta teñan unha maior predisposición a padeceren trastornos neuropsiquiátricos.

Anfetaminas e drogas de síntese

Teñen un impacto negativo sobre o crecemento fetal, incrementando o risco das malformacións cardíacas e do padal fendido dos neonatos. A inxesta materna de éxtase durante o embarazo relaciónase cun maior risco de malformacións conxénitas.


Heroína e outros opiáceos


Os embarazos de mulleres consumidoras de opiáceos son considerados como de alto risco, sendo frecuentes:

- 👤 Os abortos espontáneos.
- 👤 Os partos prematuros ou con atraso do crecemento.
- 👤 As mortes fetais intrauterinas.

Os fillos destas nais teñen como risco engadido a posibilidade de transmisión intraparto da infección materna por VHB ou VIH.

Entre o 60% e o 80% dos nados de nais heroinómanas presentan no momento do nacemento unha síndrome de abstinencia en diversos graos.





Lembre:

As secuelas dos consumos abusivos de alcohol ou doutras drogas por parte dos proxenitores son visibles no desenvolvemento dos fillos durante moito tempo despois do nacemento, concretándose nun maior risco de padecer trastornos de conduta, problemas emocionais e dificultades na aprendizaxe e nas relacións sociais.



Maternidade e adicción ás drogas

Máis alá das consecuencias que o consumo de drogas ten sobre o feto e o embarazo, a adicción ás drogas presenta graves dificultades para o exercicio da maternidade, en boa medida relacionadas coa ausencia dunha axeitada resposta ás necesidades destas mulleres.

As mulleres con consumos problemáticos ou trastornos adictivos non manteñen pautas adecuadas para o coidado da súa saúde, podendo descoidar a súa alimentación, a hixiene persoal, o cumprimento de certos tratamentos médicos ou manter prácticas de risco relacionadas ou non co consumo que impliquen riscos engadidos sobre a súa saúde. De igual modo, o seu distanciamento dos servizos sanitarios e sociais pode facer que non coñezan o seu embarazo ata varios meses despois de producirse.

Noutras ocasións, o temor das embarazadas a que a súa condición de consumidoras de drogas ou adictas poida supoñer a retirada da garda ou tutela dos seus fillos, ou a actitude recriminatoria do persoal sanitario ou do propio ámbito familiar por manter o consumo durante o embarazo, leva estas mulleres a ocultalo. Deste modo, estas mulleres cuxos embarazos son considerados en medicina como de alto risco e onde a detección precoz e a atención temperá son claves, carecen habitualmente dun seguimento e unha atención sociosanitaria axeitada.

Gran parte das deficiencias observadas no desenvolvemento dos fillos de nais con problemas de adicción ás drogas son atribuíbles a:

- O diagnóstico tardío do embarazo.
- O inadecuado seguimento do embarazo.
- O consumo de drogas durante o período pre e posnatal.
- As precarias condicións socioeconómicas e sanitarias das nais.
- A escasa vinculación afectiva nai-fillo.

Resulta necesario, pois, contar con protocolos de atención precoz, seguimento e apoio sociosanitario adaptados ás mulleres con consumos problemáticos ou adictas a drogas.

Algunhas propostas para abordar a maternidade de mulleres con problemas de adicción ás drogas pasan por (PALOP, M. 2006):


- Buscar alternativas ás dificultades de acceso aos recursos asistenciais.
- Ter en conta os medos á perda da custodia dos fillos.
- Abordar as consecuencias da maternidade e a adicción: maior estigmatización, sentimento de culpa, negación de problemas por sentirse mala nai, etc.
- Evitar o posible castigo “inconsciente” dos profesionais a estas mulleres.
- Adestramento en habilidades de maternaxe para mulleres e homes.

Pola súa parte, ensaiáronse enfoques efectivos nas intervencións para o control do tabaquismo en torno ao embarazo (GREAVES L, et al. 2003), baseados en:

- O Tailoring: adaptar a intervención segundo a idade, o nivel socioeconómico e a procedencia materna.
- O enfoque de xénero: darlle importancia á saúde da muller desde a etapa previa á concepción ata máis alá do ano posparto.
- A desculpabilización: utilizar a mensaxe de axuda, empatía.
- A prevención da recaída.

8

Drogas e **sexualidade**






Impacto dos consumos de drogas na **actividade sexual**

Está bastante estendido o mito de que o consumo de alcohol ou doutras drogas facilita as relacións sexuais e potencia o pracer sexual, por máis que careza dunha base científica que o xustifique. Fronte aos supostos efectos afrodisíacos das drogas, os estudos científicos confirman que o seu uso ou abuso produce unha rápida e intensa deterioración da actividade sexual.

Efectos das diferentes drogas na **actividade sexual**

	Tabaco	 Provoca impotencia sexual nos homes.
	Alcohol	 O consumo abusivo ou de grandes cantidades reduce a excitación sexual e o impulso sexual, causando impotencia nos homes e anorgasmia en mulleres e homes.  En mulleres produce frixidez, dor nas relacións e desinterese polo sexo.  En homes adolescentes, o consumo de alcohol pode provocar o retardo da maduración dos caracteres sexuais secundarios e a diminución da libido e da potencia sexual.  Nas mulleres adolescentes pode atrasar a maduración puberal (da puberdade) e a aparición dos caracteres sexuais femininos.
	Tranquilizantes	 Orixinan desinterese polo sexo, diminución do apetito sexual e impotencia.
	Cannabis (haxix, marihuana)	 Nos homes reduce a secreción de testosterona e o número e a mobilidade dos espermatozoides.  Nas mulleres provoca a redución dos ciclos menstruais e a aparición de ciclos menstruais sen ovulación, o que podería reducir a fertilidade.  As evidencias científicas confirman que o seu uso crónico se relaciona coa diminución do apetito sexual, sen que avalen os supostos efectos afrodisíacos que refiren algúns consumidores.
	Cocaína	 Aínda que o uso esporádico de cocaína pode mellorar a recompensa sexual nos homes, ao atrasar a exaculación, a medio e longo prazo reduce o pracer, provocando unha forte perda do desexo sexual e impotencia nos homes.  Nas mulleres adoita producir amenorrea (supresión do fluxo menstrual) e outras alteracións menstruais.
	Anfetaminas e drogas de síntese	 Diminución do desexo sexual e ausencia de orgasmos.
	Heroína	 Intensa diminución do desexo sexual en ambos os dous sexos.  Nos homes son frecuentes os trastornos da erección e a exaculación.  Nas mulleres adoita producir amenorrea e outras alteracións menstruais.

O consumo de alcohol ou doutras drogas ten a longo prazo un efecto negativo no ciclo desexo-excitación-orgasmo (BARREDA, M. A. et al., 2005):

- Nas mulleres o consumo de alcohol produce maior desinhibición e un aparente aumento do desexo, pero diminúe a resposta de excitación, inhibindo ou suprimindo a lubricación vaxinal e a resposta orgásmica. A longo prazo produce disfunción sexual e insatisfacción sexual. Esta insatisfacción actúa con frecuencia como indutora dos consumos de alcohol, como un xeito (inadequado) de afrontar a insatisfacción.
- A diminución do desexo sexual é moi común entre as mulleres que abusan de tranquilizantes (DE LA CRUZ, M. J. et al. 2002).



Condutas de risco vinculadas á **actividade sexual**

O consumo de alcohol ou doutras drogas ten un efecto inicial desinhibidor, causando a perda de control e a deterioración do xuízo e da capacidade de tomar decisións acertadas. Iso facilita os encontros sexuais e que se manteñan comportamentos de risco que, de estar en plenitude de condicións, serían evitados.

O resultado destes efectos é que o uso e abuso do alcohol e doutras drogas reduce sensiblemente as posibilidades de manter sexo seguro, dando lugar a diferentes prácticas sexuais de risco:

- Esquecemento ou desatención das medidas de protección (relacións sexuais sen preservativo).
- Contactos con parellas sexuais ocasionais sen protección.
- Relacións non desexadas ou plenamente consentidas.
- Embarazos non desexados.

O abuso de alcohol por parte da poboación adolescente está a contribuír á expansión das enfermidades de transmisión sexual e dos abortos entre este colectivo.

As prácticas sexuais de risco están xeneralizadas entre os consumidores de drogas e, de xeito especial, entre as persoas con problemas de abuso ou dependencia. Un estudo realizado en Galicia sobre a poboación incorporada a tratamento con metadona indicaba que o 20,3% destes pacientes mantivera, polo menos nunha ocasión, contactos sexuais con parellas ocasionais sen utilizar preservativos nos 12 meses previos ao inicio do tratamento (SÁNCHEZ, L. et al., 2005a). Pola súa banda, os datos achegados polo Rexistro Galego de Casos de Sida indican que, entre os casos de sida diagnosticados ata o 31 de decembro de 2007 en mulleres, o 34,2% tiñan as relacións heterosexuais como principal vía de transmisión da enfermidade, porcentaxe que entre os homes se reduce ao 16,1%.

Estes comportamentos sexuais son especialmente perigosos no caso das persoas con adicción ás drogas, posto que presentan elevadas prevalencias de diferentes enfermidades infectocontaxiosas (VIH/sida, hepatite B e C, enfermidades de transmisión sexual –sífilis, gonorrea, infección por cóndida–, etc.), o que incrementa enormemente a posibilidade da extensión do seu contaxio.

As condutas sexuais seguen uns marcados patróns de xénero. A pesar da liberación sexual conseguida pola maioría das mulleres, aínda existen uns condicionantes sociais que fan que moitas mulleres non expresen abertamente as súas necesidades sexuais e que antepoñan o amor e a entrega incondicional aos desexos da parella á protección e ao coidado da súa saúde (ARTAZCOZ, L. e BORRELL, C. 2007), uns comportamentos que son atribuídos ás desigualdades de xénero no poder sobre os encontros sexuais (CREPAZ, N. e MARKS, G. 2002).

A prevención das condutas sexuais de risco relacionadas co consumo de drogas desde unha perspectiva de xénero implica:

- Abordar tópicos e estereotipos que presentan as drogas como facilitadoras das relacións sexuais e do pracer sexual.
- Abordar os estereotipos que vinculan o uso de certas drogas (tabaco, cocaína, etc.) coa imaxe corporal, o atractivo físico e sexual e supostos efectos adelgazantes.
- Ter presente a especial vulnerabilidade das mulleres fronte aos efectos das drogas nas relacións sexuais e nas prácticas sexuais de risco.
- Ter en consideración as consecuencias específicas derivadas para as mulleres da exposición a relacións sexuais sen protección (embarazos, contaxio de enfermidades, etc.).



Drogas e **prostitución**


Numerosos homes e mulleres con problemas de adicción ás drogas recorren de forma esporádica ou sistemática á prostitución como forma de financiar o consumo de drogas. Estas prácticas supoñen un dobre risco para a saúde:

- A presenza de enfermidades infecciosas (hepatite, VIH/sida, enfermidades de transmisión sexual, etc.) entre as persoas con consumos problemáticos de drogas ou problemas de adicción é moi elevada, o que incrementa o seu risco de transmisión por vía sexual.
- O exercicio da prostitución obriga estas persoas a aceptar prácticas sexuais de risco cos seus clientes, o que as expón a sufrir diversas infeccións.

Tamén resulta frecuente, en particular entre mulleres que abusan de cocaína, observar como acceden a manter relacións sexuais con suxeitos que as invitan a unha dose. Trátase dunha forma sutil de prostitución, baseada no intercambio de favores sexuais por drogas, que con frecuencia non é recoñecida como tal polos que a practican e que ilustra as desigualdades de xénero que aínda hoxe persisten na nosa sociedade.

No caso dos homes, móstranse convencidos de que o seu éxito no terreo sexual non ten que ver co efecto “facilitador” dos seus contactos sexuais exercido pola invitación a consumir gratis. Pola súa banda, as mulleres están persuadidas de que acceden libremente a manter estes encontros sexuais.

O abuso de drogas impide que as persoas, en especial as mulleres, decidan libremente sobre a súa vida sexual, forzándoas en ocasións á prostitución.



9

Motivacións e factores


asociados ao consumo de drogas

As motivacións de homes e mulleres para iniciarse no consumo das distintas drogas ou para manter este consumo non son sempre coincidentes. Por esta razón, a perspectiva de xénero trata de poñer de relevo as motivacións latentes no inicio do consumo e o mantemento das situacións de abuso das drogas por parte de homes e mulleres.



Factores de risco asociados ao consumo de drogas entre as mulleres

Entre os factores de risco que as investigacións realizadas ata o momento identifican como asociados ao consumo de drogas por parte das mulleres, inclúense:

Factores de risco		
	Factores individuais	 Presenza de trastornos afectivos de tipo depresivo.  Baixa autoestima.  Estrés e ansiedade (consumir para reducilos).  Tristura e frustración.  Soidade.  Necesidade de superar a timidez e mellorar a sociabilidade.  Abusos sexuais na infancia ou na adolescencia.  Necesidade de conexión e medo á desconexión respecto á parella (cando a esta é consumidora de drogas).  Acompañamento á parella no consumo en busca da súa aceptación.  Presión estética.  Presenza de trastornos alimentarios (especialmente de bulimia).  Insatisfacción coas relacións afectivas e sexuais.  Insatisfacción persoal e imposibilidade de cubrir ideais femininos de xénero e as autoexixencias derivadas deste (beleza, bondade, maternidade, etc.).
	Factores familiares	 Presenza de patoloxías mentais na familia.  Presenza de pai/nai consumidores de drogas.  Problemas de alcoholismo ou outras drogodependencias na familia.  Parella consumidora de drogas.  Desintegración familiar e/ou ruptura de lazos coa familia.  Perda traumática de familiares.  Conflitos de parella e familiares.  Separacións ou divorcios.  Violencia familiar e/ou de xénero.  Distanciamiento emocional dos pais.  Débiles vínculos afectivos (coa parella, pai/nai e fillos).  Estilo educativo paterno/materno autoritario.
	Factores sociais	 Relación con persoas consumidoras de drogas.  Sensación de sobreexixencia ou sobrecarga física e emocional derivada do traballo dentro e fóra do fogar.  Ausencia de espazos de realización persoal e falta de oportunidades para o desenvolvemento persoal.  Illamento social.  Ausencia de participación social.  Presión exercida pola publicidade sobre as mulleres para que imiten os hábitos de consumo de tabaco e alcohol masculinos.  Imitación de condutas masculinas de consumo como forma de escenificación da conquista do espazo público e de axuste ao novo rol asignado ás mulleres.  Temor ao rexeitamento social se non participan dos consumos.

Aínda que boa parte destes factores de risco non son exclusivos das mulleres, inciden sobre elas de forma diferenciada, producíndose certa sobreexposición feminina a determinados factores. Un exemplo desta sobreexposición atópase na publicidade do alcohol e do tabaco, que tivo como poboación diana as mulleres, en especial as adolescentes, resaltando a idea de que a conquista da igualdade de xénero pasa pola asunción de comportamentos ata hai pouco exclusivos dos homes.


Poden extraerse algunhas conclusións en relación cos factores asociados aos consumos de drogas por parte das mulleres, como son:

- O importante peso que teñen os consumos como resposta a determinados estados emocionais ou sintomatoloxía negativa de carácter psicolóxico (as mulleres consomen drogas en boa medida para tratar de manexar ou evitar problemas de estrés, ansiedade, soidade, etc.).
- O singular impacto que teñen os factores familiares, feito propiciado en boa medida porque a capacidade das mulleres para illarse/afastarse dun ámbito familiar conflitivo/hostil é máis reducida que a dos homes.
- A función que exercen os consumos como instrumentos facilitadores da sociabilidade feminina e da súa presenza en espazos públicos.

Existen outras diferenzas de xénero en relación cos factores asociados ao consumo de drogas, como é a maior influencia sobre as mulleres de certos factores de protección, que axudan a evitar ou reducir os consumos:

- As mulleres, incluídas as adolescentes, teñen unha maior percepción do risco asociado ao consumo de drogas, o que lles permite desenvolver estratexias de control e evitación do uso e abuso de drogas.

Risco percibido asociado ao consumo de drogas entre os estudantes de Secundaria de 14 a 18 anos, segundo o xénero (% que opina que esa conduta pode producir bastantes ou moitos problemas). España, 2006.



(1) Fumar un paquete de tabaco diario. (2) Tomar unha ou dúas canas/copas por día.

FONTE: Enquisa Estatal sobre Uso de Drogas en Estudantes de Secundaria 2006. DXPNDS.

- As mulleres atribúenlle maior valor á saúde, tanto propia como allea, o que fai que manteñan máis autocoidados que os homes.
- O modelo tradicional de roles, vixente en moitos pais e nais, proporciónalles un plus adicional de protección fronte ás drogas ás mozas, que se concreta en:
 - as actitudes paternas cara ao consumo de drogas por parte das fillas adolescentes son menos permisivas que no caso dos fillos homes,
 - prodúcese un maior nivel de supervisión e/ou control sobre as actividades das fillas e
 - prodúcese unha maior restrición á presenza das mozas nos espazos de ocio nocturno, onde se producen a maioría de consumos recreativos de drogas.

Actitude que os estudantes de Secundaria (14-18 anos) perciben nos seus pais respecto á eventualidade de que consuman distintas drogas, segundo o xénero (%). España, 2004.

Actitude paterna	Consumo de tabaco			Consumo de alcohol			Consumo de cannabis		
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total
1	28,0	22,9	25,4	15,0	15,9	15,5	67,2	74,2	70,7
2	16,2	17,0	16,6	12,5	18,1	15,3	13,2	11,6	12,4
3	16,1	17,5	16,8	16,8	19,2	18,0	6,4	4,3	5,3
4	15,8	19,4	17,6	19,6	19,9	19,8	4,4	3,0	3,7
5	9,5	10,2	9,8	16,2	13,9	15,0	2,4	1,5	1,9
6	5,1	5,8	5,4	10,2	8,1	9,1	1,8	1,2	1,5
7	9,3	7,2	8,2	9,6	4,9	7,3	4,6	4,3	4,4

1_Prohibición absoluta, 7_Total liberdade

FONTE: Enquisa Estatal sobre Uso de Drogas en Estudantes de Secundaria 2004. DXPNSD.



Motivacións específicas das mulleres para o consumo das distintas drogas



Motivacións para o consumo de tabaco

O enfoque de xénero permite identificar as motivacións do inicio e mantemento da dependencia tabáquica, conduta que ata mediados do século pasado era exclusiva dos homes, posto que o consumo de tabaco era (e é) unha práctica basicamente social reservada aos homes. A conquista do ámbito social polas mulleres exíxelles reproducir as condutas propias deste, por iso o tabaco é percibido como símbolo da independencia feminina e da igualdade entre sexos, identificando o seu consumo como signo de autonomía, atractivo e éxito social (ARTAZCOZ, L. e BORRELL, C. 2007).

Os factores asociados ao inicio do tabaquismo son diferentes en mulleres e homes e están profundamente marcados polos roles de xénero. Mentres que a autoestima, o estrés, os problemas co peso corporal e a preocupación pola autoimaxe son os factores que máis inflúen na iniciación das mozas, nos mozos fumar forma parte da busca de novas sensacións (BECOÑA, E. e VÁZQUEZ, F. L. 2000).

Aínda que homes e mulleres fuman para reducir o estrés, os factores desencadeadores son distintos. Mentres que as mulleres fuman como reacción a experiencias negativas, os homes fano habitualmente para aumentar sensacións positivas (BRUNSWICK, A. MESSERI, P. 1984, FERNÁNDEZ, E. SCHIAFFINO, A. PERIS, M. 2001).

Tamén **se observan diferenzas de xénero nas motivacións para seguir fumando**. O temor a engordar é, de feito, un dos factores que máis contribúen a que as mulleres sigan fumando ou se impliquen menos no abandono dos cigarros. Non en van, o estereotipo actual de muller ideal impón a delgadeza, non só como requisito estético, senón como vía para alcanzar o éxito social (TUBERT, S. 2005).



Motivacións das mulleres para o consumo de alcohol

O abuso de alcohol por parte das mulleres relaciónase cos seguintes factores (LOURO, G. e BLÁZQUEZ, A. 2000):

Factores biolóxicos: historia familiar de alcoholismo e maior vulnerabilidade biolóxica aos efectos do alcohol.

Factores psicosociais: convivencia con parella alcohólica ou dependente a outras drogas, presenza de patoloxía psiquiátrica (depresión, tentativas de suicidio, abuso doutras substancias, trastornos da alimentación), acontecementos vitais estresantes (abusos e malos tratos durante a infancia e a adolescencia), conflitos de parella e/ou rupturas familiares, disfuncións sexuais e o consumo de drogas durante a adolescencia.

Os problemas co alcohol son moito máis frecuentes entre as mulleres que sufriron abusos sexuais durante a infancia (WIINFIELD, L. et al., 1990). Pola súa banda, aproximadamente o 40% das mulleres con problemas co alcohol que se incorporan a tratamento presentan diversos trastornos psiquiátricos, fundamentalmente depresión maior e trastornos de ansiedade.

A elevada presenza de trastornos depresivos en pacientes alcohólicos levou a considerar a depresión como posible causa dos problemas de alcoholismo (moitas mulleres abusarían do alcohol para aliviar os síntomas depresivos). Precisamente, o agravamento da sintomatoloxía depresiva adoita ser a causa pola cal moitas mulleres deciden solicitar tratamento.

Un elemento diferencial perceptible na etioloxía dos problemas de abuso de alcohol que lles afectan ás mulleres é que este tipo de consumos responderían, fundamentalmente, a unha conduta evasiva fronte a situacións conflitivas ou estresantes, relacionadas con certos acontecementos vitais traumáticos e os conflitos e rupturas familiares e/ou de parella, circunstancia que explicaría as importantes taxas de trastornos psiquiátricos presentes entre as mulleres dependentes do alcohol.

Motivacións das mulleres para o consumo de tranquilizantes

As motivacións femininas para consumir psicofármacos (tranquilizantes, somníferos, ansiolíticos, etc.) relaciónanse coa necesidade de evitar certa sintomatoloxía, como o estrés, a angustia, o nerviosismo, a tristura ou as dificultades para durmir, que derivan das súas responsabilidades familiares e/ou da compatibilidade do traballo dentro e fóra do fogar.

Moitas das mulleres, como o propio ámbito familiar e social, consideran estas reaccións emocionais ante determinadas circunstancias e condicións de vida como unha enfermidade que pretende ser superada co uso de psicofármacos (DE LA CRUZ, M. J. et al., 2002).



Motivacións das mulleres para o consumo doutras drogas

As mulleres teñen motivacións diferentes para iniciarse no consumo de drogas (con frecuencia fano a partir de relacións con parellas adictas) e para continuar consumindo (DAWSON, D. A. 1996). Ademais, os obstáculos para conseguir o éxito do tratamento difiren segundo o sexo, debendo as mulleres afrontar máis situacións que ameazan o bo resultado (JARVIS, T. J. 1992, HODGINS, D. C. et al., 1997, SMITH, W. B., WEISNER, C. 2000).

A pesar destas diferenzas, o certo é que tanto os instrumentos de diagnóstico como os métodos de tratamento seguen un modelo de comportamento masculino. Por esta razón, desde diferentes ámbitos reclamouse a importancia de mellorar a investigación, os diagnósticos nas mulleres e o desenvolvemento de programas de tratamento sensibles ás diferenzas de xénero.

10

Publicidade e drogas



A publicidade ten un papel determinante nos hábitos de consumo de alcohol e tabaco, ao manipular os procesos de identificación persoal e de integración grupal e social (SÁNCHEZ, L. 2006b). A mensaxe que traslada a publicidade é que consumindo estes produtos seremos persoas máis felices, atractivas e con maior éxito social.

A publicidade do tabaco e das bebidas alcohólicas ten os adolescentes e as mulleres como os seus principais destinatarios. As influencias sociais que perciben as mulleres para adaptarse ao novo rol social que lles asigna o moderno modelo de xénero son utilizadas de forma reiterada pola publicidade, que tivo un papel clave no incremento do consumo de tabaco e alcohol entre este colectivo.

A publicidade atribúelle significados simbólicos ao consumo de tabaco, asociándoo á satisfacción de determinadas necesidades sociais e psicolóxicas, na súa maioría derivadas dos cambios nos roles de xénero tradicionais (vitalidade, delgadeza, sofisticación ou atractivo físico), mentres que a industria busca atraer os homes a través de mensaxes ligadas a estereotipos de masculinidade, tales como a felicidade, a riqueza, o bo estado físico, o poder ou o éxito sexual (KAUFMAN, N. J. e NICKER, M. 2001).

Coa finalidade de incrementar o volume das súas vendas, os fabricantes de cigarros decidiron hai uns anos xeneralizar o consumo de tabaco entre as mulleres, recorrendo a estratexias de márketing consistentes en:

- Utilizar actrices, modelos e mulleres famosas fumando, que encarnaban as aspiracións de moitas mulleres de emancipación e ruptura cuns roles sociais e culturais que durante anos as situaban nun papel subordinado fronte aos homes.
- Intensas campañas publicitarias dirixidas especificamente ás mulleres, con mensaxes máis ou menos explícitas do tipo “atrévete”, “dá un paso” ou “¿quen dixo que o pracer é só cousa de homes”.

Todas estas estratexias converxían nunha dobre mensaxe: presentar o consumo de tabaco por parte das mulleres como un acto “liberador” (como unha forma de emancipación, de expresión da igualdade das mulleres fronte aos homes) e como un símbolo de clase e estilo, de “glamour”, potenciador do encanto sexual. Estas mensaxes permaneceron inalteradas desde os anos cincuenta e sesenta e foron imitadas máis tarde pola publicidade de bebidas alcohólicas.

A análise das mensaxes e contidos da publicidade do tabaco permite identificar as seguintes evocacións ou asociacións que establece co consumo deste produto:

Evocacións/asociacións presentes nos anuncios de tabaco	
— Transgresión, rebeldía	— Modernidade
— Asunción do risco	— Diversión, desfrute, pracer
— Aventura	— Amizade, compañía
— Descubrir cousas novas	— Tranquilidade, relaxación
— Liberdade	— Éxito social
— Exaltación de contradicións	— Sensualidade, sedución
— Emancipación feminina	— Éxito sexual
— Muller libre, moderna, actual, independente	— Naturalidade, desenfado
— Sofisticación	— Autenticidade, orixinalidade
— Masculinidade	— Deporte, competición, triunfo
— Compartir con amigos/as	— Sensación intensa, vida a tope
— Vida cosmopolita, urbana	— Vida sa e natural
— Interculturalidade	— Natureza, pureza
	— Desexo incontido

Pola súa parte, a publicidade das bebidas alcohólicas utiliza unha estratexia máis indiscriminada, dirixida maioritariamente a adolescentes e mozos de ambos os dous sexos. ¿Como incita a publicidade ao consumo de bebidas alcohólicas por parte dos mozos? Fundamentalmente a través de tres vías:

- Asociando o consumo de bebidas alcohólicas cunha serie de trazos ou características propias da psicoloxía e a forma de ser dos mozos (amizade, rebeldía, aventura, transgresión, paixón, diversión, vivir o presente, etc.), co que consegue que o consumo de alcohol sexa percibido como unha conduta típica ou propia dos mozos (tanto de mozas como de mozos). Indirectamente a mensaxe que traslada é que para ser novo é imprescindible beber alcohol.
- Facendo do consumo de alcohol un compoñente imprescindible para que os mozos se sintan integrados, aceptados por outros mozos. Pretende reforzar a idea que só saíndo de festa en bares e discotecas e bebendo ata a madrugada é posible estar con outros mozos ou ter amigos ou amigas.
- Presentando os adolescentes e mozos como iguais, resaltando o feito de que todos os mozos e mozas comparten as mesmas necesidades, valores e desexos de divertirse consumindo alcohol.

O éxito conseguido pola publicidade de bebidas alcohólicas nesta estratexia que asocia alcohol → mozos/as → diversión → amigos/as → noite resulta evidente. En apenas dúas décadas logrou que unha elevada porcentaxe de mozos e mozas, sen apenas diferenzas de xénero, participen dun modelo de ocio de fin de semana que xira en torno ao uso e abuso de alcohol e doutras drogas.

Evocacións presentes nos anuncios de bebidas alcohólicas

— Diversión	— Rebeldía
— Festa, música, baile	— Transgresión
— Noite sen límite	— Romper límites
— Mozos despreocupados	— Novas sensacións/emocións
— Vivir o momento	— Soños feitos realidade, maxia
— Hedonismo	— Descubrir cousas novas
— Contraposición de obrigas	— Aventura
— Liberación de responsabilidades	— Asumir riscos
— Desinhibición	— Modernidade
— Sociabilidade	— Exclusividade
— Integración grupal	— Autenticidade
— Amizade, compartir	— Sofisticación, orixinalidade
— Provocación, sedución	— Muller libre, moderna
— Sensualidade, erotismo	— Cultura, arte
— Paixón, atracción	— Deporte

11

Drogas e **violencia de xénero**



A violencia de xénero inclúe todo acto que, nunha relación de parella, comporte violencia física ou psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

A Organización Mundial da Saúde entende por violencia inflixida pola parella todo comportamento que, nunha relación de parella, lles cause prexuízo físico, psicolóxico ou sexual aos que manteñen esa relación (OMS, 2006). Comprende actos de agresión física (losquear, golpear, patear), maltrato psicolóxico (intimidación, denigración ou humillacións constantes), relacións sexuais forzadas ou calquera outro comportamento controlador (illar unha persoa dos seus familiares e amigos, vixiar os seus movementos e restrinxir o seu acceso á información ou á axuda).

Aínda que existen diferentes teorías explicativas da violencia de xénero, cada unha das cales lle outorga un maior peso a determinado tipo de factores, existe un consenso básico á hora de considerala como un fenómeno multideterminado. Entre os factores explicativos da violencia de xénero inclúense os seguintes:

- **Socioculturais:** actitudes tradicionais ante o rol da muller, cambios nas normas sociais e culturais, sistemas de crenzas patriarcais, sexismo, tolerancia fronte á violencia, etc.
- **Familiares:** conflitividade familiar, pobreza e carencia de recursos, estrés e frustración familiar, falta de apoio social, conflitos de intereses, loitas de poder na parella, etc.
- **Relacionados cos agresores:** abuso de alcohol/drogas, modelos violentos de conduta, exposición á violencia na nenez, trastornos mentais, personalidade e condutas antisociais, necesidade de exercer o poder e o control, dependencia persoal, baixa tolerancia á frustración, pobre control de impulsos, etc.
- **Relacionados coas vítimas:** personalidade dependente, baixa autoestima, déficit de apoio social e estratexias de afrontamento persoal, maltrato e/ou abusos sexuais na familia, acontecementos vitais estresantes, dependencia económica, etc.

